

D e p o r t e s

C D A s P o n t e s

Sen triunfo ante o Vizoño. O C. D. As Pontes non soubo gañar ó Vizoño e acabou cedendo outro empate que o mantén na zona morna da táboa. A igualada a dous chegaba logo de que, por dúas veces, se adiantasen os do C.D. As Pontes, que non foron quen de sentancia-lo partido cando tiveron ocasión, nin de pechalo cando conseguiron adiantarse por segunda vez. E iso que as cousas empezaban ben, cun As Pontes volcado que meteu ós visitantes na súa área desde o inicio. O gol chegou moi cedo ó marcar Aguado ós 12 minutos, culminando unha boa xogada de Dopico. Co decorrer do tempo, os visitantes foron contendo mellor as acometidas pontesa. Co inicio do segundo tempo, o Vizoño sacudiu os complexos e foise arriba perdoando o empate Vicente no 50. Só dous minutos máis tarde foi Raúl o que enviou o balón ó longueiro. Estas ocasións semellaron amedrentar ó As Pontes, que se mantivo firme atrás pero non acababa de atopalo camiño para leva-lo esférico ata zonas de perigo. No minuto 66 un córner permitiu a David cabecear ás mallas o empate. Os afeccionados locais volvían ver que se cumpría unha vez máis o tóxico de que quen perdoa acaba pagando ata que, a só catro minutos para o final, Fontao volvía restablece-las diferencias. O capitán repetiu unha xogada moi habitual cabeceando un saque de esquina no primeiro pau. O que xa non agardaba ninguén era que, con dous minutos dobre o tempo de prolongación, igualase o Vizoño. O heroe converteuse en vilán e Fontao cometeu un penalti que, entre as protestas dun

público encrespado, converteu Raúl para situar o empate. Aínda habería tempo suficiente para que Marcos salvase o que puido se-lo dous a tres no minuto 95.

Empate co Quiroga. O CD As Pontes regresou cun novo punto despois de sumar o seu segundo empate consecutivo, esta vez co Quiroga. Durante case todo o encontro, foi no medio do campodonde un e outro rival desplegaron gran parte da súa actividade, o que reduxo a carga de traballo ós porteiros. Así as cousas, e tras chegar ó descanso sen ningún gol no marcador, os dous equipos continuaron pola mesma liña durante a segunda parte, na que tampouco se puideron ver moitas accións de perigo por ningún de dos bandos.

Decepcionante empate co Vilabés. O líder saíu indemne do Poboado ó arrincar un empate nun encontro no que tirou proveito da falla de definición do As Pontes. A primeira parte empezou cun adianto do que sería o choque. Os locais tiñan máis posesión, pero non eran quen de superalo entramado disposto por Mosquera. Tivo que ser despois dunha perda dos chairegos en medio campo, cando aproveitaban os da casa unha rápida transición para abri-lo marcador cun remate de Negrín. O partido seguía a ser moi disputado, cunha loita sen tregua por facerse co control do medio campo. O envite non era vistoso para os afeccionados, pero si descubría un interesante confrontamento táctico. Ás portas do descanso, o Vilabés aproveitou a estratexia para iguala-lo encontro nunha falta que rematou ó fondo das mallas o central Alberto. Pero no

minuto seguinte unha gran acción de Negrín atopou un non menos bó remate de Aguado, e o rexeite do garadamallas. A segunda metade comezaba con dominio dos de Amil, que tiveron o gol da tranquilidade nas botas de Grueiro. Pero, só dous minutos máis tarde, Fontao cometeu un penalti que transformou Isma no dous a dous. A partir de aquí xa foi determinante a alarmante falla de definición dos locais, que os acabou abocando a un novo empate a pesar de que os ponteses, volcados, contaron con numerosas ocasións.

Desperdiçada unha boa oportunidade para derrotar ó Ribeira. O CD As Pontes desperdiçou unha boa oportunidade para sumar tres puntos e tívose que conformar con un no partido disputado en Ribeira e que rematou con empate a un gol. O partido foi de claro dominio visitante no primeiro primer tempo, con continuas aproximacións ó área rival, aínda que os xogadores ponteses erraban máis da conta no remate. No minuto 22, Pedro acertou a enviar o esférico ól fondo da rede, e o equipo tranquilizabase un pouco e controlaba perfectamente a situación sobre o campo. Mellor se lle puxeron as cousas cando, no minuto 33, o colexiado expulsou a un futbolista local por un forcexeo. Sen embargo, o CDI As Pontes no puido resolver o encontro e, ademáis, encontrou cun penalti en contra que transformou Manu para nivelar a contenda. O resultado deixou moi satisfeito ó cadro local, pero todo o contrario o As Pontes, xa que dispuxo de oportunidades para vencer con autoridade no campo de Fieiteira.

O Fendetestas venceu no primeiro derbi comarcal

Primeiro derbi comarcal da tempada de rugby e primeira victoria para o Fendetestas fronte ó Almallo de Ferrol por un marcador de 34 a 8. O encontro víuse condicionado tanto pola meteoroloxía adversa como polas carencias do conxunto ferrolán, que participou todo o enfrentamento en inferioridade. Os ferroláns viviron a mesma situación que sufriron os do Fendetestas o fin de semana anterior no desplazamento a Pontevedra, ó non seren capaces de reuni-los xogadores necesarios dende o inicio, circunstancia esta que condicionou de forma determinante o desenvolvemento do choque. Malia todo, aguantaron moi ben na primeira metade diante do Fendetestas que sufríu as consecuencias dun campo totalmente anegado, o que perxudicaba máis ó equipo que tiña que crear. A boa defensa ferrolá e os excesivos nervios locais fixeron que tralo primeiro periodo ambas escuadras foran ós

vestiarios con tan só un doce a tres a favor do Fendetestas no marcador, a través de dous ensaios e unha transformación para o Fendetestas e un golpe de castigo para o Almallo. Na segunda metade, o desgaste físico foi determinante, especialmente para o grupo ferrolán, e as diferencias fóronse ampliando. De feito, a vantaxe non foi máis aló polos numerosos erros no xogo á man dos locais. En todo momento o Fendetestas elixíu xogar coa súa liña de tres cuartos, renunciando a carga-lo xogo na dianteira onde tiñan superioridade numérica. Esta decisión viña motivada pola confianza dun partido encarrilado no que o Almallo abondo facía con defenderse numantamente. Con máis de trinta puntos xa no casilleiro do Fendetestas, a relaxación dos últimos minutos do partido permitiu o ensaio da honra para o Crat C Almallo, que pechou o marcador co resultado xa mentado de 34 a 8.

O Xuntanza xa está á espera da segunda volta

Mentres puideron os do Xuntanza aguanta-lo ritmo do partido, este mantívose igualado, e podería terse decantado para calquera dos dous lados, pero ó final pasaron factura as ausencias, e o equipo chegou moi forzado ós minutos decisivos do choque. As baixas de Ferro, Xalo, Gerardo, e Vicente fixeron que o equipo se volvесе ver moi mermado no que estivo a ser a tónica na primeira volta desta competición ligueira. Outra vez tivo o Xuntanza que botar man dos seus xogadores xuvenís, que fixeron un gran traballo, pero acusaron a lóxica inexperiencia no treito final, cando houbo que arriscar na busca da victoria. Os patinadores coruñeses, máis curtidos e experimentados,

valéronse de ir por diante para xogar coa ansiedade visitante, e ben replegados, aproveita-las contras para abrir, minuto a minuto, diferencias xa definitivas ata facerse co triunfo. Con este partido ante o María Pita coruñés pechouse a fase ida da competición, con tan só unha victoria no casilleiro do Xuntanza. Foi na primeira xornada por incomparecencia do Vigo Stik, ó que rende visita o equipo pontés-cedeirés no arranque da segunda volta da liga autonómica de Segunda que terá lugar esta mesma fin de semana. O obxectivo dos locais é gañar na cidade olívica para afundilos na cola e evitar que se amplíen as diferencias cos predecesores na táboa.

Esteo Fútbol Sala

Fin da racha en Betanzos. O Esteo mantiña o liderado malia caer o sábado 12 de novembro co Troula de Betanzos por 4-3. Empezaron moi ben as cousas para o cadro de Ferrolterra, que se amosaba máis organizado co seu rival, e levaba o peso do partido cunha forte presión que sorprendeu ós locais. O Troula víase desbordado por un equipo visitante que se puxo 0-2 aproveitando dúas transicións moi rápidas, e perdoando noutras ocasións semellantes. No tramo final da primeira metade, os de Javi Saa tiveron que rebaixar un pouco a intensidade defensiva ó estarse cargando de faltas, e o Troula acadou o 1-2, anque seguía sen crear grandes agobios a un Esteo no que non semellaban botar de menos a Suso, unha baixa notoria. Na última acción desta primeira parte Gantes converteu un dobre penalti que puña o empate no electrónico. A saída no segundo período ofreceunos a un equipo da casa crecido, co apoio do seu público, e na busca da remontada que xa vían perto. O 3-2 chegou de contado, pero servíu para que reaccionase o Esteo, e Juan facía o empate nunha nova fase de dominio claro do Esteo. Todo pintaba ben para os visitantes, pero non souperon concretar á hora de abrir xa as distancias, e ó final pagaron os nervios no tramo decisivo, cando xa foi expulsado Juan. O acoso do Troula surtiu efecto no último minuto cando Manu



acadou o definitivo 4-3.

Novo triunfo ante o Buda. O Esteo semellaba aboado ó sufrimento nos últimos encontros, logo de volver gañar moi axustado en Ourense ó Buda. Por 4-5 impuxéronse os de Javi Saa nun partido que se lles complicou moito, sobre todo na primeira metade. Ó descanso gañaban os da casa, aproveitando a permisividade arbitral co seu xogo especialmente duro. Cun inqueda 3-2 á volta dos vestiarios chegou a esperada reacción do Esteo, que mellorou moito na circulación do balón para marca-lo ritmo do encontro. Cun xogo xa máis organizado, os de As Pontes non tiveron problema para controla-lo choque sen maiores agobios, e logra-la remontada, poñéndose cun 3-5 que xa semellaba definitivo, pois tan só restaban doce segundos para o fin do tempo regulamentario, polo que a victoria non peligraba.

Sorprendente derrota co Boqueixón. O Esteo tropezo na casa diante do Boqueixón ó non poder pasar do empate. O 4-4 final

chegou despois dun encontro que semellaba estar decidido, e que puido térselle escapado. As cousas comezaban ben para un equipo local que sorprendía coa aliñación inicial, con moitos trocos. Daba a impresión de moita suficiencia ó encarrilar ben o encontro cun 2-0 ó descanso sen que houbese novas en ataque dos visitantes. O partido transcorría prácidamente co 3-0 ó pouco de empezar a segunda metade, e ninguén podía preve-las complicacións finais. A un cuarto de hora para o remate os tres goles semellaban colchón dabondo diante dun conxunto que seguía sen inqueda. O 3-1 nun corner tan só aventuraba que o resultado puidese quedar maquillado, pero aínda faltaba o factor determinante. O Esteo cargouse de faltas e os dobres penaltis dictaron sentencia. Dous lanzamentos directos permitían empatar a un Boqueixón que xa levava o nerviosismo ás filas do de Javi Saa. Os ponteses botaban de menos as oportunidades marradas previamente e os catro tiros que se estrelaran nos paus. E por se non fose dabondo, a catro minutos para o final marcaron os visitantes o 3-4 co que completaban a remontada. O Esteo mantén o liderado pero ve recurtadas as diferencias cos seus inmediatos perseguidores. Chetos, Fran, Suso, Oscar e Iván foron o cinco de saída, ós que logo seguiron Segio, Juan, Anxo e David.

Sólo el Sílex pontés logró su clasificación para la final de clubes

La tercera y definitiva sesión de la Liga Gallega de clubes de tiro con arco no ofreció variaciones sustanciales en la clasificación con respecto a las dos precedentes, lo que ha derivado en que sólo uno de los tres representantes de la comarca de Ferrolterra lograra plaza para la fase final del torneo autonómico que tendrá lugar, o así lo ha anunciado inicialmente la Federación Autonómica, en Arteixo el próximo día 14 de enero. El Sílex de As Pontes, que volvió a contar con un terceto de lujo para la prueba decisiva -Gema Buitrón, Juana Martínez y Félix Romero- consiguió mantenerse en los puestos de cabeza y, tras el cómputo de las jornadas disputadas se ha cla-

sificado en la tercera posición, inmediatamente por detrás del Lumelar ourensano, primero y A Garrocha, segundo. Sobre esta cita, y aunque el programa podría variar ya que en esta edición el sistema está siendo modificado con respecto a ocasiones anteriores, se sabe ya que tendrá lugar de nuevo en la localidad coruñesa y que en la misma, además de los clubes ya mencionados, estarán completando el cuadro el Olimpia de O Carballiño, el Ártabros coruñés y el Lucus lucense. Está previsto que la primera parte de esta final autonómica sea una liguilla entre todas las escuadras participantes por la fórmula de la participación por equipos.

O Medulio de baloncesto al frente de la clasificación

Cuatro jornadas se han consumido ya de la competición y el Medulio se afianza al frente de la tabla tras vencer todos los encuentros disputados. El equipo se deshizo del Unisa Recimil (102-89) en un duelo trepidante que necesitó de una prórroga para conocer al vencedor después de

que los cuarenta minutos reglamentarios finalizasen con empate a 84 puntos. Los ferrolanos se mantuvieron por delante en el marcador durante buena parte de la contienda con ventajas de entre tres y doce puntos pero O Medulio recortó la diferencia en el tramo final.